

CULTURA

O salón de actos da casa do concello de Catoira acolleu onte os dous últimos actos culturais, como preámbulo do día grande da romaría. A presentación dos traballos de investigación sobre a toponimia de Catoira e o novo libro de cociña de

Marcelino Campaña titulado "Cocina Vikinga" ocuparon a tarde. O Proxecto Toponimia de Galicia chegou finalmente a Catoira coa presentación do traballo realizado por Sonia Santos e a exposición dos paneis coas imaxes dos lugares, identifi-

cados cos seus topónimos. Marcelino Campaña falou a continuación do seu novo libro de cociña, esta vez dedicado á Romaría Vikinga. Un traballo "dedicado á xente de Catoira", segundo afirma o propio autor e cocifeiro.

O Estudio de Toponimia contribúe a recuperar o patrimonio local

O resultado da investigación expónse na Casa Consistorial para consulta dos veciños

SARA R. G. > CATOIRA

■ A filóloga Sonia Santos leva realizando durante anos un traballo de campo sobre a toponimia de Catoira, que finalmente se presentou onte no concello, acto ao que Sonia non puido acudir.

O Proxecto Toponimia de Galicia está a ser unha tarefa que unha comisión de filólogos expertos en toponimia leva a cabo por todo o territorio galego. Esta investigación constitúe unha investigación de recoleita que precisa dunha metodoloxía concreta.

Mediante enquisas directas aos habitantes naturais do lugar, o procesamento dos nomes nunha base de datos e a integración de todos estes contidos nun sistema de información xeográfica son os pasos esenciais que se tiveron que realizar. Como resultado dese longo proceso a partir de onte entán expostos no concello unha serie de paneis con fotografías aéreas de Catoira, onde en cada unha delas poderase ver identificados os topónimos dos lugares.

Esta é a exposición definitiva, a mostra do ano pasado era de carácter provisional, para que os veciños puidesen revisar ou correxir

algún nome, o que demostra o carácter participativo necesario para estes traballos de campo.

Os paneis expostos constitúen ortofotografías sacadas por satélite dos distintos lugares que conforman o municipio catoirense.

Un traballo de método > O proceso de recompilación dos nomes dos lugares que tivo como resultado este estudo necesitou da consulta de mapas topográficos e fotografía aérea. Ademais, tamén require da análise de documentación cartográfica e bibliográfica actual existente, que complementan as enquisas orais á xente do lugar.

A investigación sobre a toponimia de Catoira forma parte dun proxecto maior a nivel de Galicia, promovido por diversas institucións como a Xunta de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística e o SITGA, a área de cartografía da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Este último organismo foi o que coordinou a Sonia Santos na súa tarefa de investigación sobre os to-



Presentación dos traballos sobre a toponimia de Catoira, onte, no salón de actos do concello.

M. F.

TOPONIMIA DE GALICIA
O estudo sobre Catoira forma parte dun proxecto maior a nivel de Galicia promovido pola Xunta

pónimos do municipio de Catoira. Os obxectivos deste proxecto son recoller toda a microtoponimia galega e confeccionar unha base de datos útil e de referencia para os distintos eidos da investigación así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial.

En total, máis de un millón de topónimos, entre entidades de po-

boación, nomes de terras, montes, ríos e camiños forman a riqueza do patrimonio cultural galego.

O resultado en Catoira > Finalmente conseguiuase a fixación e a normativización de 1680 topónimos, dos cales 40 son maiores e o resto son microtopónimos.

Toda a información exposta onte no concello representa un importante documento de carácter perpetuo, que segundo Sonia Santos "está sendo preparada xunto cun estudo etimolóxico minucioso dos topónimos máis relevantes para facer unha publicación na que se poderá consultar, ademaisda información relacionada con cada topónimo, a súa situación xeográfica concreta".

■ ADEMAIS

Hoxe terá lugar o esperado desembarco vikingo

■ O drakar vikingo máis o galeón Ursulá chegarán hoxe a mediodía ás Torres do Oeste capitaneadas por unha lexión de ferozes vikingos dispostos a recrear durante un intre a historia medieval de Catoira. Corenta mil persoas serán testemuñas do desembarco, que pasa por ser a atracción forte do día.

Unha romería do máis completa para o entretemento